



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-IN / 2022

Expediente 2021000049720

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2022- ÁREA DE TEATRO E INTERPRETACIÓN ESCÉNICA**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Vista a resolución do Presidente nº 22886 , do 10 de maio de 2022, pola que se aproba a relación provisional das persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2022 - Área de teatro e interpretación escénica.

Jorge Adriano Castro Batista presentou un escrito manifestando que por erro presentou a súa solicitude no área de danza e artes do movemento no lugar de presentala na área de teatro e interpretación escénica.

As bases reguladoras das bolsas de perfeccionamento de estudos artísticos, publicadas no BOP nº 34 do 18 de febreiro de 2022, establecen que na primeira reunión que se realice, poderán reasignarse a outra área e por conseguinte a outro tribunal, aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro das persoas solicitantes, non estean correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo tribunal competente.

Os tribunais correspondentes á área de danza e artes do movemento e á área de teatro e interpretación escénica acordaron reasignar o proxecto de Jorge Adriano Castro Batista á área de teatro e interpretación escénica.

**RESOLVO:**

1º.- Aceptar o cambio de área solicitado por Jorge Adriano Castro Batista

2º.- Aprobar a relación definitiva de admitidos e excluídos para participar na convocatoria de BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2022- Área de teatro e interpretación, de acordo co seguinte:

**PERSOAS ADMITIDAS**

ALGARRA CAJIDE, UXÍA

*Finalización do curso profesional de circo e teatro no Centro de Artes Urbanas (CAU) de Granada.*

CAROU REY, INÉS

*Live New York 8 week session Fall Live Teachers/ Directors/ Actors Intensive Workshop / Live New York 8 week session Spring John Strasberg Studios John Strasberg Studios, Nueva York*

CASTRO BATISTA, JORGE ADRIANO

*Formación Profesional de Claqué na Escola Luthier de Dansa de Barcelona*

FABEIRO PARDAL, CATUXA

*John Strasberg Studios , Nueva York*

FUENTES RAMA, ZOE

*Interpretación en el Teatro de Texto en la Real Escuela Superior de Arte Dramático, Madrid*

MARTINEZ ROMERO, MARTIN GALA

Improvisación teatral: pedagogía de la impro bajo una perspectiva feminista na Global Impro (Madrid) y Escuela Improbando (Bogotá)

### **PERSOAS EXCLUÍDAS**

CASANOVA MEJUTO, CARMEN

Motivo da exclusión: Erro na área solicitada

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.